

## literaria

## O novo número de Grial, arredor de Xohana Torres

■ O número 188 da revista Grial, dirixida por Víctor Freixanes e mais Henrique Monteagudo, dedica trinta e cinco páxinas á ferrolá Xohana Torres con motivo do trinta aniversario da publicación do poemario “Estacións ao mar” e do cuadrexésimo da saída do prelo da súa única novela, “Adiós María”. Para tal homenaxe, Galaxia recolle as intervencións que realizaron varios especialistas na súa obra nunha xornada organizada polo Consello da Cultura Galega a finais do ano pasado.

Dolores Vilavedra, coordinadora, Helena González, Olga Novo, Iolanda Ogando e Montse Pena abordan as distintas facetas da súa obra e personalidade, dándolle á súa figura a dimensión que merece.

Os outros contidos de Grial son as primeiras reflexións trala morte de Francisco Fernández del Riego e a homenaxe a Torres Queiruga, así como unha entrevista con Dante Lucchesi e un informe sobre o proxecto de futuro para o galego. “Galicia na Habana”, de Neira Vilas, e “Rómulo Gallegos en Galicia” son os artigos do apartado de documentos;



**Grial.**  
Revista Galega de Cultura  
VV. AA.  
Galaxia / 12 euros

Román Raña e Iván García Campos protagonizan o espazo de creación e Susana Reboreda asina o texto d’O espello das letras. Unha crónica de Anxos Sumai e a semblanza de Naina Santos sobre Concha Castroviejo completan os contidos deste novo número dunha revista imprescindible para o lector galego.

## literaria

## Unha parábola sobre a ruptura das convencións

■ Novamente é a tradición oral a que fornece, ou cando menos inspira, as historias dun clásico da literatura infantoxuvenil española, Darabuc. O catalán é un dos escritores de cabeceira da editorial OQO, que vén de presentar o seu último título, “Tres han de ser”, en colaboración coa ilustradora portuguesa Fátima Afonso.

Como todas as narracións anónimas que chegan aos nosos días, “Tres han de ser” agocha unha moralexa, que é a da

liberdade individual por moito que esta choque coas tradicións e os costumes.

Neste caso, a moza, Sol, comunícalle á nai –no resto das versións esta figura é sempre a do pai– a súa decisión de casar cos tres pretendentes que ten. A proxenitora anóxase e tolea, e argalla un plan para ver se a cativa se lle pasa o capricho: pedirilles aos candidatos que marchen un ano e regresen cos obxectos máis extravagantes que atopen.

Pero o plan sae, como adoita suceder, ao revés de como se pensara e finalmente a nai cede e acepta, mesmo con certa complicidade, a decisión de Sol.

Só polo feito de abordar un tema como o da liberdade, o do respecto ás decisións dos demais malia contravir os códigos de conduta estendidos en calquera momento, este álbum debería ser de lectura obrigada.



**“Tres han de ser”**  
Darabuc  
Ilustracións de Fátima Afonso  
OQO / 12,90 euros

Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) é un dos poetas máis destacables da literatura galega. Entre os galardóns que atesoura destacan, por exemplo, o Premio Nacional de Poesía para menores de 25 anos.

# Palabra de poeta

## O poemario ve a luz en Espiral Maior

## LIBROS

VICENTE ARAGUAS



Xulio López Valcárcel é un valor seguro das letras galegas, non só por tratarse dun poeta imprescindible (raras as antoloxías, no noso idioma ou traducidas a outros, nos que non apareza) senón tamén porque ten escrito ensaios, novelas e relatos, un deles, “Anel de mel”, rosario de contos eróticos para enroibar (de pracer) facianas e espíritos. Quero dicir con isto que, como ben sabe o lector de Nordesía, o Xulio non é novo nesta praza. Na que algún comezamos a facernos vellos sen perder os motivos para a esperanza. Maiormente porque contamos coa presenza de xente como Xulio. (Os elementos negativos ímolos esquecer por hoxe; acabarán volviendo saír, mais desta volta toca ser optimistas).

E cómpre tal cousa porque estamos diante do último libro de Xulio López Valcárcel, un tratado de erudicións, divulgacións e, sobre todo, vivencias. Digo isto porque “Confesión de parte” (Espiral Maior, Rutis-Culleredo, 2010), subtítulo “Inventario de lecturas e poéticas”, sendo como é un “totum revolutum” no que tanto se estuda a poesía mapuche (da que López Valcárcel foi antólogo e tradutor ao galego) como se dilucida se existe unha literatura galega. No que Alberto Caeiro, esa voz tan peculiar do ventríloquo Pessoa, ten un lugar ao sol; o mesmiño se cadra que doura as solinas



López Valcárcel colabora neste suplemento

**“Confesión de parte”**  
Xulio López Valcárcel  
Espiral Maior / 12 euros

das casas que son ou foron lugar poético. E por certo que o propio Valcárcel escribiu un libro exemplar neste senso que se titula, precisamente, “Casa última”.

Mais ao lado destas e outras variantes do choio poético aparece, viviño, Xulio López Valcárcel. O que máis me ten chamado a atención, de longo, nesta entrega. E é que no país do albornoiz por riba do fato de baño, nin sequera das pirinxolas, está moi ben que veña un señor a mostrarse espido. Aínda que sexa nun terreo basicamente literario. Así o que se deixa ver no capítulo que abre o volume, “Anos de aprendizaxe”, toda unha viaxe, significativamente adicada por Xulio a seu pai, por lecturas e autores iniciáticos, por mestres próximos e lonxanos, por colegas e conmlitóns neste sufrido e cáseque nunca glorioso exército da pluma. Dous deles, Rodríguez Barrio e Claudio Rodríguez Fer, ademais, compañeiros nunha clase de ximnasia que aínda me

## FACIANAS

E é que este Valcárcel, cando se pon humorista, é moito. Tamén ao botar man da pluma crítica

deu algúns minutos de risa, cando non de gargallada.

E é que este Valcárcel, cando se pon humorista, xa o fixera ao falar dun congreso en Poio no seu espléndido libro “Miguel González Garcés, mineiro de luz”, é moito. Tamén ao botar man da pluma crítica ou erudita, o que xa é outro cantar. Ese tan cheo de senso e sensibilidade que neste libro narra cousa fora aquel grupo chamado “Cravo fondo”, tan inxenuo, tan poderoso, no que estaban os irmáns Valcárcel, Helena Villar Janeiro, Xesús Rábade Paredes, Rodríguez Barrio e, “last but not least”, Fiz Vergara Vilariño e Ramiro Fonte. Estes dous xa finados, en idade aínda nova, e os dous gañando batallas despois de mortos, como se deixa ver neste libro. Tamén.

